



Galicia

## UGT ORGANIZA NAS SÚAS COMARCAS ASEMBLEAS PARA ANALIZAR AS NEGOCIACIÓNS DUN NOVO AENC

*O AENC debería ser un salto cuantitativo para recuperar a riqueza perdida e modernizar as relacións laborais*

**Redacción.-** UGT-Galicia organizou ao longo desta semana en varias comarcas asembleas informativas nas que o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, xunto coas respectivas secretarías xerais ou secretarios xerais das comarcas, informaron aos delegados de cada un dos territorios sobre como avanza ou sobre o contido das negociacións dun novo AENC.

Este IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva debería converterse nun acordo importante e positivo para axudar a moitos traballadores. O seu obxectivo debería ser repartir a riqueza a través dos salarios, que os salarios gañen xa poder adquisitivo, sobre todo, os máis baixos.

Para UGT, o obxectivo é que o IV AENC se constituía nun salto cuantitativo importante para recuperar parte do que se perdeu nos últimos anos e modernizar as relacións laborais.



Dúas das asembleas informativas celebradas esta semana

### Unha vez acadado un preacordo, será sometido a votación das bases antes de ser ratificado

As negociacións continúan e, unha vez pechadas, antes de asinar o texto, o preacordo será sometido á opinión das bases do Sindicato en todo o Estado.

Neste senso, en todas as asembleas, José Antonio Gómez fixo unha chamada ás bases á participación.

confederais.

A consulta, que se realizaría on-line e tamén de xeito presencial, é pioneira e obedece ao que establecen os propios estatutos

O período de asembleas abriuse o martes, ca de Lugo; o mércores celebráronse a de Santiago e Ourense; xa o xoves tiveron lugar as de A Coruña e Ferrol; e hoxe, está pechando o ciclo a de Vigo.

## INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN, XA!

**Redacción.-** Un xoves máis, o Marco de Vigo acolleu unha concentración, convocada por UGT, CCOO e CIG, para demandar o indulto para Carlos e Serafín.

Ambos foron condeados a prisión só polo feito de ter participado nunha folga de transporte que no seu momento fora convocada na provincia de Pontevedra.

O único que fixeron por aquel entón foi defender os dereitos laborais dos seus compañeiros.



## FEPMC DENUNCIA A PRECARIIDADE NO CADRO DE PERSOAL DE SALVAMENTO MARÍTIMO

**Redacción.-** FePMC-UGT esixe a regularización dos traballadores de Salvamento Marítimo (SASEMAR) como empregados públicos que son, así como, que se activen os procedementos necesarios para dotar de estabilidade e dar cobertura ás vacantes. UGT considera que urxe, para unha axeitada prestación dun servizo tan sensible, que se establezan os cadros indicadores mínimos de tripulación, que xa existían antes dos recortes do ano 2010, ademais do reforzamento das tripulacións (dobre tripulación) nas unidades de intervención rápida, sobre todo, naquelas que desenvolven a súa actividade en áreas de inmigración.

Así o manifestou esta semana José Piñeiro, secretario xeral de UGT en SASEMAR flota, nunha rolda de prensa na Coruña.

Actualmente, existen 750 traballadores en Saseamar flota e 21 en Saseamar terra, coa condición de fixos a extinguir, situación da que non existen precedentes na Administración española.

A esta circunstancia se lle engade o feito de que, coa redución de tripulacións en determinados buques, aínda manténdose a mesma carga de traballo ou superior, prodúcense situacións continuas de baixas por IT, cubríndose estas con contratacións temporais, o que provoca que a día de hoxe aproximadamente un terzo dos tripulantes estén baixo unha contratación temporal.

Todo isto, ademais de supoñer unha gran precariedade e incertidume no emprego, conleva que se atope en perigo a prestación do servizo de salvamento marítimo dun xeito adecuado, incluíndo os compromisos internacionais alcanzados por España nesta materia.



A situación que sofren os traballadores de flota e terra da antiga REMOLMAR vén derivada da fusión, á que se viu obrigada a empresa por aplicación dunha Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante a súa cesión de activos e pasivos a SASEMAR no ano 2012.

No ano 2010 a flota de Salvamento Marítimo estaba xestionada pola Sociedade Mercantil Remolques Marítimos (REMOLMAR) cuxo único accionista era o ente público empresarial, Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (SASEMAR). Durante ese ano, e debido ao recorte orzamentario ao que se viron sometidas todas as empresas públicas, contemplábase un recorte de persoal de ao redor de 104 traballadores á vez que entraban en servizo os últimos buques de 40 metros.

Unha vez UGT tivo a noticia da magnitude do recorte (104 traballadores), establecéronse negociacións coa DGMM, chegándose ao acordo de variar os cadros de tripulacións mínimas das unidades, coa condición de que non fose necesario o cesamento da relación laboral de ningún traballador, pero cun aumento de carga de traballo en todas as unidades de flota. Nesta situa-

ción, todo o persoal tiña contrato indefinido.

No ano 2012 chega a Orde ministerial que obriga á fusión de REMOLMAR con SASEMAR e durante o período de fusión fálase de consolidación de emprego, entendendo con isto que todos os traballadores de flota e terra pasarían a ter a condición de empregados públicos, cousa que non ocorreu, pasando á situación de "traballadores fixos a extinguir", cuestión esta que imposibilitou unha cobertura estable das vacantes producidas na flota mediante Oferta de Emprego Público, debendo recorrer á contratación temporal cando se producen as baixas.

Non existe o concepto de "salvamento marítimo bo ou salvamento marítimo malo", a realidade é que "hai salvamento marítimo bo ou non hai salvamento".

Neste momento, o noso salvamento marítimo está considerado como dos mellores do mundo pola súa capacidade de resposta e polos seus resultados e aínda que é, por orzamento, unha pequena parte do que manexa o Ministerio de Fomento merecen solucións pola gran labor social e humanitaria que realiza.

## Os vixiantes da Fábrica de Armas abren o calendario de mobilizacións cunha concentración o luns fronte á factoría e unha marcha a pé a Santiago

**Redacción.-** FePMC-Coruña convoca o vindeiro luns unha concentración na Fábrica de Armas de A Coruña a partir das 10.00 horas para denunciar a pasividade das administracións ante as denuncias presentadas polo Sindicato pola ausencia de seguridade nas instalacións e os reiterados incumprimentos cos traballadores das diferentes empresas de seguridade adxudicatarias do servizo nestes últimos 25 anos.

A día de hoxe aínda se están cobrando débedas da anterior concesiona-

ria e a actual adeuda os meses de abril e maio. E o pasado día 11 Tepol Seguridade procedeu ao despedimento da totalidade da plantilla sen aboar nada por estes despedimentos.

A mobilizacións está máis que xustificada, por iso, despois da concentración, os traballadores e todos aqueles que os queiran acompañar partirán cara Santiago polo Camiño inglés. A marcha a realizarán en tres etapas para chegar o día 27 a Santiago.

ACOMPÑA OS VIXIANTES DA FÁBRICA DE ARMAS DA CORUÑA  
CONCENTRACIÓN - PEDRALONGA - 25 DE XUÑO - 10:00 HORAS  
PORQUE AS CONCESIÓN DO PÚBLICO SON COUSA DE TODOS



Os vixiantes iniciarán o Camiño Inglés a pé, desde a Factoría as 10:30 horas

## ASINADO O CONVENIO DE HOSTALERÍA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

*Recolle un salario mínimo de convenio de 1.000 euros*

**Redacción.-** Tras dous anos e medio de negociación, ven de asinarse o convenio colectivo de hostalería da provincia de Pontevedra.

Dende FeSMC-UGT matízase que as negociacións foron duras, xa que a patronal pretendía máis flexibilidade e a modificación de certas condicións laborais xa recoñecidas como todo o relativo a IT ou licenzas.

Pero, finalmente, a representación dos traballadores conseguiu que só se falase de melloras e ratificouse un acordo que o sector de Hostalería de UGT na provincia de Pontevedra valora positivamente.

Entre os avances acadados figuran: a mellora da acumulación de lactación, que pasa de 16 a 18 días; nos premios de permanencia inclúese tamén poder cobralos en caso de invalidez permanente absoluta; e establécese unha porcentaxe do 10% máximo para a formación dual.

No eido económico, acórdase un incremento do 1,6%+1,1%+20 euros lineais para o ano 2018, con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro.

Para o 2019 prevese unha suba de 73,03 euros lineais, que inclúe unha valoración do plus de trans-



porte de 45,90 euros mensuais, incluído nas 15 pagas. No 2020 e 2021 a suba será do IPC real .

Non obstante, o máis significativo deste convenio, é que se pasan a garantir os 1.000 euros como salario mínimo de convenio.

## EUROPA DEBE ADOPTAR POLÍTICAS INTEGRAIS, XUSTAS E A LONGO PRAZO EN MATERIA DE MIGRACIÓN

*Por unha Europa social e solidaria*

**Redacción.-** Nun prazo de apenas dous días, chegou a España o Aquarius, catro persoas faleceron tratando de alcanzar este país, máis de 40 seguen desaparecidas e 1.300 conseguiron chegar ou foron rescatadas. Neste contexto, que non cesa, a Unión Xeral de Traballadores entende que son necesarias medidas de urxencia, pero sobre todo políticas integrais a longo prazo tanto en España como no conxunto da Unión Europea, para abordar as causas dos desprazamentos e a chegada de posibles solicitantes de protección internacional e de migrantes.

No marco do Día Mundial dos Refuxiados, que tivo lugar esta semana, o sindicato mantén que é prioritario e moi urxente:

Impedir a perda de vidas no intento de chegar a España e ao resto da Unión Europea.

Abordar as razóns polas que España é un dos estados membros da Unión Europea con menor porcentaxe de concesións de asilo.

Dimensionar o sistema de acollida e integración para solicitantes e beneficiarios de protección internacional, adecuándoo ao aumento de persoas que solicitan asilo en España, e repensar un modelo que se basea na concesión de subvencións e non tanto na prestación dun verdadeiro servizo público permanente, en coordinación coas comunidades autónomas e as autoridades locais.

Reducir o tempo de resolución das solicitudes de asilo pero tamén o atraso de máis de seis meses para poder presentar a solicitude, incrementando, onde sexa necesario, o persoal encargado destas xestións.

Abordar en diálogo cos interlocutores sociais os aspectos sociolaborais do futuro Regulamento de Asilo e as medidas necesarias para facilitar a integración e inserción laboral de solicitantes e beneficiarios, entre outras, que a solicitude de asilo habilite para a inscrición nos servizos públicos de emprego e as dificultades de homologación e convalidación de títulos (compartidas polo resto de poboación estranxeira) e o recoñecemento da experiencia profesional.

Garantir os dereitos recoñecidos internacionalmente e na nosa lexislación a quen accede a España a través de calquera das fronteiras terrestres ou polas costas, incluído o dereito para solicitar protección internacional, tanto en fronteira como nos centros de internamento de estranxeiros, e cun sistema de atención humanitaria e acollida suficiente e adecuado, especialmente no



caso do acceso a través das costas.

Ademais, a Unión Xeral de Traballadores lembra que, tanto no caso das persoas solicitantes de protección internacional como dos migrantes que chegan a calquera das fronteiras exteriores da Unión Europea, non se trata de compartir unha carga, senón dunha responsabilidade de todos os estados membros.

As medidas e políticas a curto prazo, a externalización de fronteiras, a falta de cumprimento de compromisos internacionais por parte de determinados membros, a ausencia de pasaxes seguras para solicitantes de asilo e de políticas que aborden as causas dos desprazamentos sexa cal sexa o seu motivo e as diferenzas de dereitos dos migrantes en función do posto de traballo que ocupen, non poden ser a base da política de asilo e de migracións común.

## UGT ESIXE CREAR UN PARQUE PÚBLICO DE VIVENDAS SOCIAIS EN ALUGUER PARA ATENDER EMERXENCIAS SOCIAIS

**Redacción.-** O pasado martes, día 12 de xuño, publicouse no BOE unha modificación da Lei de Enxuzamento Civil (Lei 1/2000 do 7 de xaneiro) que incide de maneira importante na ocupación de vivendas, reforma que comunmente veu en chamarse o “desafiuamento exprés”, afectando por iso a aquelas persoas que se atopan en precario, ocupando unha vivenda ou parte dela, pertencente a unha persoa física, a unha entidade sen ánimo de lucro ou ben a un ente público.

Trátase da primeira reforma legislativa que se aproba nesta lexislatura en materia de vivenda co Goberno do PP, aínda que a firma da norma sexa do actual presidente, Pedro Sánchez (como herdanza recibida). Unha Lei que instaura un procedemento especial e sumario onde se acurtan considerablemente os prazos, táxanse os motivos de oposición á demanda e, en suma, restrínxese notablemente o dereito de defensa e as posibilidades de atención social e de atopar solucións solidarias.

Entendemos desde UGT que esta reforma non vai solucionar os problemas das ocupacións pois, non vai dirixida a atacar ás organizacións delituosas que puidesen dedicarse a isto, senón que incide sobre as persoas máis vulnerables que tiveron que acudir de maneira desesperada á ocupa-



ción dunha vivenda como último recurso.

### Sen alternativas de realoxamento

En definitiva, serve para desahuciar a persoas e familias vulnerables, non ofrecendo ningunha alternativa de realoxamento e todo iso nun contexto social de inexistencia dun parque público de vivendas sociais, cun mercado do aluguer con prezos cada vez máis elevados e onde se lle fai recaer á administración máis próxima, os concellos, asfixiados economicamente, o feito de recoller a esas persoas desafiuzadas.

É por iso que desde UGT demandaremos ao novo Goberno unha maior sensibilidade social para con estas persoas e familias

que se ven abocadas a abandonar estas vivendas sen ofrecerles unha solución habitacional e, para iso, esixirémoslle uns maiores recursos públicos en vivenda en aras de ir conformando un parque público de vivendas sociais en aluguer para atender este tipo de emerxencias sociais. Igualmente, serían necesarias reformas legislativas para poñer ao mesmo nivel constitucional o dereito á propiedade e o dereito a unha vivenda digna, adecuada e accesible.

España foi condeada recentemente polo Comité da ONU sobre dereitos Económicos, Sociais e Culturais, en materia de dereitos humanos por ser violado o dereito dos seus nacionais a unha vivenda digna nun caso de desaloxo, sen que as autoridades garantisen unha vivenda alternativa.

## UGT PARTICIPA NA CAMPAÑA “NON AOS TRATADOS DE COMERCIO E INVESTIMENTO”

**Redacción.-** A campaña “non aos tratados de comercio e investimento. As persoas e o planeta primeiro” está presente en máis de 2.000 cidades e pobos de Europa e na mesma participan distintas organizacións da sociedade civil, partidos políticos, sindicatos, asociacións profesionais e entidades de diverso tipo, así como persoas a título individual.

O obxectivo da mesma é alertar sobre as múltiples ameazas que expoñen os tratados de comercio e investimento (TCI).

No manifesto lémbrese que, por mor das múltiples protestas, e grazas á oposición da sociedade civil, o TTIP segue paralizado, o acordo con Canadá (CETA) aínda ten que ser ratificado por moitos parlamentos nacionais e os tribunais privados para as grandes corporacións (ISDS) foron postos en evidencia como antidemocráticos e sufriron un des-

prestixio político e xurídico na Unión Europea (UE).

Pero advírtese que, “a pesar destes logros, a UE continúa traballando para impoñer unha axenda comercial neoliberal a través de novos acordos, como o de servizos (TISA). Pretende finalizar as negociacións comerciais con México e o bloque de Mercosur, obter a aprobación do Parlamento Europeo para os acordos con Singapur, Vietnam e Xapón e preparar unha relación comercial posterior ao Brexit co Reino Unido”.

Os asinantes rexeitan as negociacións destes tratados, levadas a cabo, unha vez máis, con gran opacidade, e esixen un debate político transparente e democrático. Así mesmo, reclaman entre outras cuestións, “unha política económica e comercial que sirva para o interese público e actúe en favor dun futuro común”.

Outro comercio é necesario: “un comercio que reduza os impactos da globalización, que promova a loita contra a pobreza, a redución drástica das desigualdades e a loita contra o cambio climático, tomando medidas radicais para reducir a pegada e débeda ecolóxica da UE. Un comercio ao servizo das maiorías sociais e non das empresas multinacionais”.

No manifesto demándase, entre outras cousas: democratizar a política comercial da UE; información accesible e avaliación dos impactos sociais, ambientais e laborais deste tipo de tratados; soberanía popular e das institucións públicas para legislar e regular a defensa e mellora do interese público e o ben común; e servizos públicos de calidade e accesibles para todas as persoas fronte á liberalización e a privatización que os tratados de comercio e investimento converten en irreversibles.

## OUTRA INCOMPREENSIBLE DECISIÓN XUDICIAL PON EN LIBERDADE PROVISIONAL Á MANADA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores manifesta, unha vez máis, desde o absoluto respecto á independencia do Poder Xudicial, a incompreensión pola decisión da Audiencia de Navarra de poñer en liberdade provisional, baixo fianza de 6.000 euros, aos integrantes da Manada.

O sindicato participará naquelas mobilizacións que se están organizando para expresar, de forma democrática e pacífica, a indignación ante esta última decisión xudicial, que se suma á perplexidade e indignación que produciu a sentenza ditada pola mesma Audiencia tras o xuízo en abril deste ano.

A Xustiza debería reflexionar e ter en conta, entre outras cuestións, que non pode situarse á marxe da sociedade e da defensa dos dereitos fundamentais e, en



concreto, dos dereitos das mulleres.

UGT alerta de novo sobre o perigo de que decisións xudiciais deste tipo fagan retroceder na condena social deste tipo de comportamentos e actitudes, en cuxa erradicación deben manifestar o seu absoluto compromiso todas as instancias do

Estado.

O sindicato realiza un chamamento para expresar publicamente o rexeitamento á violencia machista e a calquera tipo de discriminación contra as mulleres e anima a participar nas mobilizacións que se convoquen para expresalo.

## UGT RECLAMA A APROBACIÓN DUNHA PRESTACIÓN DE INGRESOS MÍNIMOS PARA COMBATER A POBREZA

**Redacción.-** A Enquisa de Condicións de Vida correspondente a 2017 ( ECV 17), publicada esta semana polo INE, pon de manifesto que a desigualdade entre a poboación segue en niveis inaceptables, que o crecemento económico é insuficiente en por si para atallala e que son necesarias políticas públicas destinadas a recompoñer o tecido social e repartir a riqueza de forma máis xusta.

É por esta razón que UGT reclama aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados que desbloqueen a tramitación parlamentaria da iniciativa lexislativa popular para o establecemento dunha prestación de ingresos mínimos (presentada por UGT e CCOO co respaldo de 700.000 firmas), que permitiría mellorar as condicións de vida de todas aquelas persoas en idade de traballar pero que carecen de emprego e duns recursos económicos mínimos para si e, no seu caso, para os familiares ao seu cargo.

Os altos niveis de desemprego que aínda padece o noso país, xunto coa precariedade instalada no mercado de traballo pola reforma laboral de 2012, están estreitamente relacionados co nivel de pobreza que padece boa parte da poboación traballadora: a ECV 2017 sinala que o 42,2% dos parados está situado no grupo de poboación con menores ingresos (primeiro quintil).

### Un de cada cinco

A poboación en risco de pobreza baixou do 22,3% do ano anterior ao 21,6%, o que supón un descenso de 0,7 puntos porcentuais. Un país non se pode permitir que o 14,1% das persoas ocupadas atópense en risco de pobreza, o 13,1% dos xubilados e o 44,6% dos parados. En canto á taxa de risco de pobreza infantil, esta variou á baixa, descendendo case un punto, aínda así, o 28,1% de nenos e nenas está en risco de pobreza, 6,5 puntos máis, que o total da poboación xeral.

Segundo o indicador AROPE, o 32,9% dos menores en España, isto é, un de cada tres nenos está en risco de pobreza e exclusión social, mentres que a media da UE é do 26,9% segundo Eurostat. Somos o segundo país da UE con máis pobreza relativa na infancia, só por detrás de Romanía. Vivir con pobreza infantil vai afectar ás oportunidades presentes e futuras, afectando á educación, saúde, nutrición e lecer; en definitiva, ao benestar dos nenos e nenas.

UGT considera necesario que os ingresos familiares, tanto procedentes das rendas de traballo como dos actuais sistemas de protección social, aumenten para que as persoas traballadoras, os beneficiarios de prestacións públicas e as súas familias poidan vivir dignamente.

## Hai que actuar contra as adiccións no ámbito laboral desde a prevención, non desde a sanción

**Redacción.-** A secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, afirmou que hai que actuar contra as adiccións no ámbito laboral desde a prevención, non desde a sanción (con medidas coercitivas e disciplinarias), e afirmou que é necesario implantar a través da negociación colectiva protocolos para a prevención das adiccións. Neste sentido, afirmou que, desde o AENC, que se está negociando coa patronal, "levamos xa unha cláusula poñendo en valor que se negocien nos convenios sectoriais protocolos de prevención e intervención das adiccións", o que facilitará poder negociar nas empresas esta cuestión.

Fixo estas declaracións na apertura da Xomada confederal: "Prevención das adiccións no ámbito laboral". Tamén sinalou que os traballadores afectados por adiccións son persoas enfermas e como tal deben ser tratadas, facilitando a súa rehabilitación e reinserción. Do mesmo xeito que a Organización Mundial da Saúde e que a Organización Internacional do Traballo, UGT considera que os programas de prevención que se implanten nas empresas "deben respectar a dignidade do traballador, garantir a total confidencialidade e, ademais, protexer a seguridade no emprego e os ingresos do traballador durante o período de tratamento, igual que ocorre co resto dos problemas de saúde".